

CELEBRACIÓN DO XOVES SANTO EN OS COTOS

13 de abril do 2017



OS COTOS CO POBO DE SIRIA
E CON TODOS OS REFUXIADOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 nº 53 *Onda Ti noso Pai (1)*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Reunímonos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Estade alegres. O amor de Deus é un fartura de xenerosidade para todas as persoas. Que a súa paz sexa con todos vós.

Xuntámonos este día, coa dor do que está sucedendo con moitos homes e mulleres refuxiados, para celebrar a presenza viva e cercana de Xesús.

Na súa despedida, Xesús non lle deixou aos seus discípulos nin un catálogo de normas que resumise o que debían crer, nin lles deixou un código das cousas deben practicarse, nin lles deixou, tan sequera, unha determinada organización da igrexa.

Pero Xesús si deixou un xesto sinxelo como memorial (compartir o pan) e un xeito de vivir (o servizo aos demais); que hoxe lembramos dun xeito especial.

Que a celebración que agora comezamos nos axude a facer memoria viva da súa presenza entre nós.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A vida de Xesús dinos que vale a pena compartir con El e con todas as persoas de ben, pero non sempre o facemos por iso pedimos perdón e pedímoslle a Deus que nos dea unha man.*

Monitor/a

- ✓ Porque poñemos excusas á hora de compartir cos necesitados e doídos. Señor ténenos a túa man
- ✓ Porque poñemos excusas para sentar con todos na mesa da vida, e son moitas as persoas rexeitadas. Cristo ténenos a túa man
- ✓ Porque poñemos excusas para entregarnos para todos, e facemos diferenzas con quen pensa, vive e cre diferente. Señor ténenos a túa man

MONICIÓN AO GLORIA

Celebrante *Un día como hoxe, o Señor decidiu quedar connosco a través do seu corpo e do seu sangue, quixo que o lembráramos compartindo pan e viño arredor da mesa, por iso hoxe é un día especial, un día de festa.*

Esta alegría da festa ímola manifestar proclamando o Gloria, himno que non volveremos a repetir ata a gran festa da Resurrección deste sábado.

CANTO ♪ n° 15 *Canto do Gloria (2)*

ORACIÓN PROPIA DO DIA

Celebrante Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembrámonos hoxe dos refuxiados, lembramos as familias que malviven na violencia de xénero, e lembramos tamén a todas as persoas necesitadas de pan.

(silenzo)

Deus, noso Pai, hoxe celebramos a santa cea na que o teu Fillo único, antes de se entregar á morte confiou á Igrexa o banquete do seu amor.

Fai que pola participación en tan grande misterio recibamos a plenitude do amor e da vida.

Pedímoscho por Xesús, teu Fillo e Irmán noso, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón
No Leccionario I A páxina 104 **LECTURA**

LECTURA DA CARTA AOS CORINTIOS
CANTO ♪ n° 48 *Pan do ceo (3)* **SALMO**
(en pé) No Leccionario I A páxina 105 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

Celebrante Como seguidores de Cristo sabemos que temos que entregarnos a todas as persoas para construír o Reino de Deus. Imos pedirlle, ao Pai, forza para construír o mundo en irmandade tal como quixo e fixo Xesús, e facémolo dicindo:

ENCHENOS, SEÑOR, DO TEU AMOR

Monitor/a

1.- Deus Pai, queremos unha igrexa que sexa fogar de amor e xustiza, para que todos os refuxiados poidan manter a esperanza dun mundo máis acolledor. Oremos.

2.- Queremos formar unhas parroquias sensibles e atentas aos sufrimentos dos máis necesitados. Oremos.

3.- Seguindo o camiño de comunidade queremos unha igrexa na que todos sexamos un, na que todos nos sintamos acollidos e as responsabilidades sexan compartidas. Oremos.

4.- Queremos formar nesta unidade pastoral de Os Cotos unha parroquia na que celebremos a fe como festa gozosa, que nos empuxe a entregarnos a todas as comunidades. Oremos.

Celebrante Deus noso Pai, Ti coñécesnos por dentro e sabes o que aniña no noso corazón, acolle nesta tarde o que sinceramente che pedimos, e acóllenos un día na mesa do Reino, Ti que vives e reines por sempre eternamente. Amén.

3.- LITURXIA EUCARÍSTICA

MONICIÓN ÁS OFRENDAS (mans e fotos)

Monitor/a

Xunto co pan e co viño, queremos poñer enriba do altar unhas mans e unhas fotos de refuxiados que nos lembren a todas as persoas que hoxe non teñen sitio nas mesas da vida.

Son as mans de homes e mulleres aos que non se lles deixa partir e compartir o pan, e non son libres para sentarse na mesa común da igrexa e da humanidade.

Nós queremos convidar a todos porque só así podemos sentirnos convidados á mesa de Xesús.

Convidamos e traemos agora á mesa do altar as fotos dos refuxiados, e as mans dos emigrantes, as dos sos e abandonados, as dos pobres e famentos.

(Varias persoas soben para o altar as mans e as fotos)

ORACIÓN DAS OFRENDAS

Celebrante Señor, concédenos participar dignamente nestes santos misterios, pois cada vez que celebramos o memorial do sacrificio do teu Fillo, realízase a obra da nosa redención. Por Cristo noso Señor. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante Fiándonos de Xesús compartimos arredor desta mesa, fiándonos del comprometémonos a ser testemuñas cribles do amor, e fiándonos del pomos as nosas vidas nas mans de Deus Pai rezándolle

NOSO PAI QUE ESTÁS NO CEO

SIGNO DA PAZ

Celebrante Neste día, Xesús danos un mandato novo "amádevos uns aos outros como eu vos ameí".

Hoxe imos darnos a paz, e ten que ser algo máis que darnos simplemente a man. Ten que significar o esforzo por amar, acoller e comprender a todas as persoas, aínda que pensen, vivan ou crean diferente.

Con todos e coma irmáns dámonos a paz

CANTO 🎵 *Fagamos a paz irmáns*

COMUÑÓN

Celebrante Temos compartido a Cristo na Palabra, temos compartido a Cristo nos demais cando nos damos unha man, agora compartimos a Cristo no Pan da vida.

Ditosos nós convidados a este pan do Señor.

CANTO 🎵 *nº 47 Ti elo pan do ceo (4)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

Onde non hai monumento faise todo co santísimo enriba do altar (oración e canto) e despoisponse no sagrario

ORACIÓN

Celebrante

Deus Todopoderoso,

Ti nesta vida aliméntasnos coa cea do teu Fillo.

Concédenos participar na plenitude do banquete da vida eterna. Por Cristo noso Señor.

MONICIÓN AO TRASLADO

Celebrante

Maña, Venres Santo, Xesús morre por todos, e nese día non hai ningún Sacramento.

Pero hoxe queda con nós, (nun sitio aparte), como pan para os enfermos e os necesitados, e para ser o noso alimento mañá.

CANTO 🎵 *nº 47 Pan do ceo, pan de vida (3)*

ORACIÓN ANTE O SANTÍSIMO

Recítase con toda a comunidade (*nº 5*)

Avísase das celebracións destes días insistindo na importancia de participar na celebración da vixilia pascual (ver folla do mes)